

# BUSCAMOS #ZALACANCELO 2021/2022

## #LembrandoNÓS

### Bases do concurso

1. Estableceranse dúas categorías: unha para a ESO e outra para Bacharelato e Ciclos Formativos.
2. Os dous cancelos gañadores utilizaranse para acompañar as publicacións en redes sociais durante o curso 2021/22.
3. O cancelo debe incluír a palabra NOS para render tributo ao centenario da *Xeración Nós*, e ao mesmo tempo ser representativo da nosa comunidade e da volta á tan desexada normalidade.
4. O cancelo ten que estar en galego.
5. Por cada categoría o EDLG elixirá dous finalistas que serán publicados no Instagram de Zalaeta.
6. O cancelo gañador para cada categoría será elixido por votación a través de Instagram Stories o día 12 de novembro.
7. O premio para cada categoría será un vale de 30€ para a FNAC.
8. Se o xurado o estima conveniente pode acordar accésits.

Para participar debes enviar a túa proposta (máximo dúas por persoa) ao enderezo [edlg@zalaeta.gal](mailto:edlg@zalaeta.gal) ou na caixa do correo situada na entrada do instituto.

- No email indicarás:  
*Asunto: Zalacancelo*  
*Incluirás unha ou dúas propostas, o teu nome e apelidos e curso.*
- O prazo para entregar propostas rematará o luns 8 de novembro ás 19h.
- O xoves 11 de novembro publicaranse os dous cancelos seleccionados para cada categoría.
- A votación en Instagram Stories abrirase o venres 12 de novembro, ata as 23.59h.
- Só poderá participar alumnado do instituto.

Anímate a participar!

EDLG